

# A PERTENZA: SÍMBOLOS E RITUAIS DA NACIÓN

Montserrat Guibernau Berdún

University of Cambridge (Reino Unido)



Nas sociedades modernas existen evidencias dun choque entre as necesidades racionais e instrumentais do capitalismo de mercado e as aspiracións dun dos axentes de mobilización política máis poderosos, a saber: a forza emocional de pertencer á nación en tanto que *comunidade política elixida*. Se ben o mercado esixe un pensamento calculador e a contención ou desprazamento das emocións, as democracias liberais modernas non poden sobrevivir sen a lexitimidade que emana do consentimento da súa cidadanía, e isto último leva consigo o apoio dun pobo que comparte un sentido de identidade común e de pertenza á mesma nación. Un sentimento de pertenza, para resultar efectivo, tería que cumprir dúas condicións: ser compartido por unha parte substancial da poboación e ter a capacidade de infundir lealdade á nación, así como sentimentos de solidariedade cara aos concidadáns, e eu entendo que estes son atributos indispensables cando se trata de fomentar un sentimento de comunidade entre concidadáns e necesarios para a construción dunha base cultural para o Estado-nación.

Isto non quere dicir que todos os cidadáns experimenten de parecida maneira un sentimento de pertenza, nin que concentren os seus sentimentos de apego nos mesmos elementos nin coa mesma intensidade; no entanto, no anterior dáse por suposto que a existencia dun sentimento de propósito común que comporte un destino compartido xera un vencello emocional entre concidadáns. Compartir un sentimento de pertenza non implica a homoxeneidade da cidadanía, xa que a presenza de certo grao de diferenza segue a ser unha constante.

Na actualidade, a maioría das democracias liberais occidentais son plurinacionais, multiétnicas ou ambas as cousas, e conteñen algúns grupos que se consideran alleos tanto á nación como ao Estado e distantes deles por razóns de escolla, exclusión ou marxinação ou por motivos económicos, sociais ou políticos. Sempre que a proporción de individuos que fican alienados no seo dun Estado-nación aumenta ata se converter no que eu denomino «grupo significativo» —é dicir, unha cantidade considerable de cidadáns dispostos a actuar como actor político—, queda

cuestionada a lexitimidade do Estado-nación e contestadas a base mesma do seu sentido de comunidade, a cohesión social e a súa capacidade de construír un futuro en común. En tales conxunturas, o que se espera dun Estado-nación democrático é que reaccione buscando como dar cabida, dalgún xeito, ás diferenzas internas, mediante a xeración de institucións políticas democráticas e inclusivas, e tamén dialogando e respondendo ás demandas do «grupo significativo»; mais, nalgúns casos, o Estado-nación pode decidir facer caso omiso do movemento «opositor», socavalo e mesmo criminalizalo. Todo dependerá do grao de apoio popular que reciba o «grupo significativo» e da vontade de negociación e de alcanzar un acordo pacífico por ambas as partes. Por suposto, haberá que sopesar os motivos xeopolíticos e estratéxicos que van ligados aos intereses da comunidade internacional, e que necesariamente van ter protagonismo con miras ao resultado final.

O Estado-nación, para sobrevivir e demostrar a súa lexitimidade segundo unhas credenciais democráticas, emprende estratexias de construción nacional destinadas a fomentar un sentimento de pertenza e lealdade entre os seus cidadáns. Esta tarefa en concreto desempeña a construción da identidade nacional mediante a posta en marcha dun conxunto de estratexias, as máis importantes das cales son as seguintes:

- A creación e diseminación dunha imaxe determinada da «nación».
- A fabricación e difusión dun conxunto de símbolos e rituais aos cales se lles encomenda a misión de reforzar un sentimento de comunidade entre os cidadáns.
- A promoción da cidadanía, o cal comporta un conxunto claramente definido de dereitos civís e xurídicos e dereitos e deberes políticos, así como dereitos socioeconómicos. Ao lles conferir dereitos aos seus membros, o Estado-nación facilita a aparición de sentimentos de lealdade cara a si, e tamén establece unha distinción crucial entre os incluídos e os excluídos, isto é, entre aqueles autorizados a gozar de dereitos de cidadanía e aqueles que están privados deles dentro das fronteiras do Estado-nación.
- A construción de inimigos comúns. Por exemplo, o axuízamento da guerra revelouse esencial para o xurdimento e a consolidación dun sentido de comunidade entre cidadáns unidos contra unha ameaza externa, quer inminente, quer posible ou inventada.

- A progresiva consolidación de sistemas nacionais de ensino e de medios de comunicación en tanto que instrumentos clave na diseminación dunha «imaxe da nación» concreta, cos seus símbolos, rituais, valores, principios, tradicións, inimigos comúns e, cousa máis decisiva, unha definición do que constitúe un «bo cidadán»<sup>1</sup>.

## A POLÍTICA DO SIMBOLISMO E O RITUAL

A pertenza a unha comunidade ou grupo lévase a efecto mediante o simbolismo e o ritual. Así, os símbolos encarnan entidades como a nación revestíndoas de atributos distintivos pensados para as tornaren senlleiras; e, dun xeito semellante, a pertenza a un credo tamén se expresa mediante o simbolismo e o ritual.

Os símbolos son necesarios para lexitimar e reforzar o poder político; porén, tamén resultan indispensables naqueles procesos destinados a pór en dúbida e derrocar unha orde política dada. En tales situacións, que a nova elite emerxente consiga acadar o poder e se dea consolidado nel dependerá, nunha medida considerable, da súa capacidade para cuestionar radicalmente os símbolos anteriores e os substituír por outros ou ben para lles insuflar aos símbolos vellos un sentido novo e afín á concesión dun aval ao nacente *statu quo*.

Os símbolos representan ideas, valores, visións do mundo, todos eles definidos como «cousas que importan», ata tal punto que o individuo adoita estar disposto a dar a vida por as preservar; son poderosos porque poden suscitar fortes emocións, e as emocións constitúen un potente desencadeante da acción social, comprendida a mobilización política.

Os símbolos só teñen valor, significado e poder para aqueles que son quen de recoñeceren o que representan. Entre os máis potentes atópanse os que indican pertenza a un grupo concreto, sexa a nación, sexa un credo ou algún outro grupo ou comunidade, e mesmo así non é igual ser consciente do significado dun símbolo que identificarse co símbolo. Con todo, alí onde un membro dun grupo ve un símbolo dado como signo de fortaleza, como unha representación de vellas batallas, como memoria dunha inxustiza, sufrimento e temor compartidos, quen non é membro do grupo ve un obxecto material privado dese carácter, significa-

---

<sup>1</sup> Guibernau, Montserrat (2007): *The Identity of Nations*, Cambridge, Polity Press, 25.

do e valor distintivos que os membros lle atribúen. Unicamente aqueles que se identifican cos símbolos e son conscientes do seu significado se senten ofendidos ante as faltas de respecto que se lles dispensen e, dun xeito paralelo, só eles, poñendo en dúbida determinados símbolos, poden expresar unha declaración de disidencia capaz de cuestionar o statu quo.

Nas sociedades multiculturais existe unha cifra significativa de persoas que son quen de identificaren os símbolos que pertencen a diversas culturas; no entanto, só se senten conmovidas e perciben apego emocional ante aqueles dotados do que eu denomino «significado sentimental», termo co cal me refiro a algún tipo de identificación emocional cun símbolo que está alén das definicións cognitivas e das explicacións históricas relativas á súa orixe e intención. A cognición pode axudarnos a comprender o significado dun símbolo, mais nunca pode comunicar a dimensión emocional que distintas persoas, con distintos matices, lle atribúen e experimentan. A riqueza e a complexidade dos símbolos tolera certo grao de ambigüidade na súa definición, ambigüidade que permite algunha medida de creatividade emocional no nome dos suxeitos individuais ao tempo que estes constrúen o seu propio sentido de pertenza.

O respecto polos símbolos e a súa veneración son produto do contido e do significado que se lles atribúen no seo de distintas comunidades e grupos; compartir símbolos e conmoerse ante eles une os individuos e contribúe, así mesmo, a xerar un sentido de comunidade e a fomentar un sentimento de solidariedade entre eles. Alén diso, os símbolos actúan como organizadores de roles sociais dentro da comunidade e impoñen un sentido de xerarquía e estrutura.

Se ben os símbolos unen os membros dun grupo, tamén alienan as persoas alleas a el que non son conscientes do significado que se lles atribúe, ou que se amosan escépticas, curiosas ou indiferentes ante el. Os símbolos blindan as comunidades mediante un abano de «marcadores visibles e invisibles»; entre os primeiros cóntanse os uniformes, as insignias, os cortes de pelo, os códigos de vestimenta e os saúdos; entre os últimos, os rituais privados ancorados en experiencias de persecución e discriminación pasada ou actual, por exemplo no caso dos pogroms que soportaron os xudeus, o xenocidio de Bosnia, a represión dos católicos en Irlanda do Norte e a dos cataláns en España durante a ditadura franquista.

Con miras tanto a lle dar sentido a unha contorna sociopolítica nova como a transformar ou promover unha visión innovadora do mundo, precisamos ben construír outros símbolos, ben recrear os novos cargándoos de «significado re-

levante» para os individuos contemporáneos. En efecto, os símbolos teñen un protagonismo crucial na vida colectiva, ofrecen unha interpretación diferenciada do mundo e tamén se tornan puntos de ancoraxe na existencia do individuo mediante o envío de determinadas mensaxes que sistematicamente son modificadas para que se axusten a novas necesidades sociais, e o proceso de construción e modificación dos símbolos e de identificación con estes comporta un forte investimento emocional.

### **A función dos símbolos: cambio de réxime nunha Alemaña reunificada**

Tras a Segunda Guerra Mundial, Alemaña ficou dividida en catro sectores militares controlados por Francia, o Reino Unido, os Estados Unidos de América e a Unión Soviética. O 23 de maio de 1949, os sectores que se atopaban baixo o control da Francia, o Reino Unido e os EUA convertéronse na República Federal de Alemaña e quedaron na zona de influencia estadounidense, baixo unha economía capitalista. O 7 de outubro de 1949, o sector controlado pola Unión Soviética pasou a ser a República Democrática Alemá e adoptou o comunismo. A Guerra Fría dividiu Alemaña en dúas matades e deu lugar á construción do muro de Berlín, cos seus postos de control como símbolo clave da separación entre a Europa occidental e a oriental. O 9 de novembro de 1989, a sociedade civil berlinesa reclamou coas súas mobilizacións unha reforma política e abríronse os puntos de control que existían entre Alemaña Oriental e Alemaña Occidental, co cal se permitiu a libre circulación de persoas, nunha data que marcou a «caída» do muro de Berlín. Posteriormente tivo lugar o proceso de reunificación alemá, que resultou en extremo complexo nos planos económico, político e cultural, e para sinalar a reunificación da República Federal e a República Democrática nunha soa Alemaña federal instaurouse, o 3 de outubro de 1990, un «Día da Unidade Alemá», festivo nacional marcado por discursos políticos, actos culturais, acontecementos gastronómicos comunais, fogos artificiais e outras actividades festivas; cada ano é unha cidade distinta a que alberga as celebracións nacionais.

A porta de Brandemburgo, o muro de Berlín e o tratado de unificación alemá convertéronse en símbolo clave dunha Alemaña de novo unida. Logo da caída do muro en novembro de 1989, moitos alemáns do leste cortáronlles o escudo ás bandeiras, como fixeran os húngaros en 1956, nun acto xeneralizado ese, o de eli-

minar o escudo da bandeira da Alemaña do leste, co cal se pretendía representar a tricolor negra, vermella e dourada, sen máis aditamentos, como símbolo dunha Alemaña unida e democrática.

Nos tempos presentes, a vella tricolor negra, branca e vermella do Imperio alemán segue a ser empregada polos monarquistas e por aqueles membros da realeza alemá que anhelan a reintrodución pacífica dunha monarquía democrática alemá. Con todo, da utilización da bandeira antiga apropiouse case por completo a extrema dereita, que é a que fai uso dela predominantemente; en efecto, como a esvástica é ilegal en Alemaña, a extrema dereita viuse obrigada a renunciar a toda bandeira nazi e a usar, no canto delas, a vella tricolor, que os propios nazis prohibiran en 1935. A prohibición dos símbolos nazis nese e nalgúns outros países constitúe a principal razón de que en moitos videoxogos referidos á Segunda Guerra Mundial non figure a bandeira nazi, que por veces se substitúe por outra, anacrónica, da Alemaña anterior a 1918, ou pola moderna tricolor. A utilización desta última, a vella bandeira imperial, por parte da extrema dereita e os seus intentos por asociala aos seus propios ideais antidemocráticos e xenófobos tópanse coa forte oposición da poboación alemá moderna<sup>2</sup>.

## A NECESARIA AMBIGÜIDADE DOS SÍMBOLOS

Os símbolos encarnan aspiracións e valores; evocan momentos de derrota e xúbilo e eríxense como piares da identidade dos individuos axudándolles a lle dar sentido á súa propia vida persoal, así como á vida da comunidade á que pertencen. Para desempeñaren unha tarefa tan ambiciosa, resulta crucial que os símbolos conserven algunha ambigüidade que permita a existencia de diversos significados. Así, recórrese a símbolos e rituais para sinalar puntos de transición na vida do individuo; realízanse un amplo abano de rituais de iniciación co obxecto de infundir orde e predicibilidade nunha transición descoñecida ou dificultosa; e o medo ao que se ignora xera sentimentos poderosos que se canalizan mediante o ritual e que adoitan comportar unha serie de probas da aptitude do individuo para ascender a outra categoría, xa sexa a de adulto, xa a de líder, xa a de membro do grupo.

---

<sup>2</sup> Véxase [http://en.wikipedia.org/wiki/Flag\\_of\\_Germany#1989\\_to\\_today](http://en.wikipedia.org/wiki/Flag_of_Germany#1989_to_today) [última consulta: 12 de xullo de 2012].

Na capacidade de redefinir e construír símbolos novos inflúe, en moi gran medida, a distribución dos recursos; mesmo así, existen persoas físicas, Estados, Igrexas e persoas xurídicas que gozan de poder e influencia e que fan fortes investimentos na xeración dun universo simbólico que lle dea sentido ao mundo, e é mediante a manipulación dos símbolos como os poderosos reforzan a súa autoridade<sup>3</sup>. No entanto, non todos os símbolos fican na mente do individuo e non todos satisfán as aspiracións do seu creador: en efecto, existe certa impredecibilidade verbo do grao de éxito que poidan ter as persoas xurídicas e físicas poderosas que pretendan crear un símbolo capaz de xerar lealdade e fervor entre a xente.

A pertenza a unha nación represéntase mediante o simbolismo e o ritual. Prestar xuramento, levar roupa distintiva, cortar ou amañar o pelo dun xeito concreto, cantar unha canción, adoptar un saúdo específico, poñer uniforme, unha insignia ou un anel: todos estes son símbolos que vencellan o individuo cun grupo ou comunidade dados.

Como advirte Kertzer, durante a Revolución Francesa «[a]s diferentes vestimentas chegaron a representar distintas posturas políticas e ir da cor inapropiada, levar o pantalón dunha longura indebida ou cubrirse cun chapeu impropio podía desembocar nunha liorta na rúa»<sup>4</sup>, e a historiadora francesa Lynn Hunt indica que estes símbolos cotiáns non servían simplemente para expresar a postura política do individuo, senón que, «facendo manifesta [esa postura], facían posibles a adhesión, a oposición e a indiferenza»<sup>5</sup>.

É mediante o simbolismo e o ritual como unha colectividade se define en tanto que grupo dotado de denominación; por exemplo, «os ingleses», «os xudeus», «os masóns», «os católicos» etc., e configura a súa propia autoimaxe; e, así, ao gabar o grupo ao cal pertence, o individuo gábase a si mesmo.

Os símbolos fornecen o contido do ritual en tanto que instrumento poderoso non só para preservar a tradición, senón tamén para innovar e transformar cando se cre preciso. Como escribe Mary Douglas: «É imposible ter relacións sociais sen actos simbólicos»<sup>6</sup>. E os símbolos son sacralizados mediante o ritual.

<sup>3</sup> Kertzer, David I. (1988): *Ritual, Politics and Power*, Londres/New Haven, Yale University Press, 5.

<sup>4</sup> Kertzer, David I. (1988): *Ritual, Politics and Power*, Londres/New Haven, Yale University Press, 158.

<sup>5</sup> Hunt, Lynn (1984): *Politics, Culture and Class in the French Revolution*, Berkeley and Los Angeles/Londres, University of California Press, 56, 61-68.

<sup>6</sup> Douglas, Mary (1966): *Purity and Danger*, Nova York, Praeger, 62.

